



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 14
MARZO 2019
20.30 h

Auditorio de Galicia

Baldur Brönnimann Director



CONCERTOS
DE ABONO

Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
BALDUR BRÖNNIMANN Director
MARCOS FERNÁNDEZ-BARRERO Compositor

PROGRAMA

I

MARCOS FERNÁNDEZ-BARRERO (1984)

Nocturno Sinfónico (13')

(Premio de Composición AEOS-Fundación BBVA 2017)

Estrea absoluta

Somnolencia

Pesadillas

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía núm. 85 en Si bemol maior "A raíña de Francia" (20')

Adagio - Vivace

Romanze: Allegretto

Menuetto: Allegretto

Presto

II

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Pavana para unha infanta defunta (6')

FRANZ SCHREKER (1878-1934)

Suite O aniversario da infanta (33')

Procesión e felicitación dos rapaces nobres

A infanta

As marionetas

Minueto dos bailaríns da igrexa de Nosa Señora do Pilar

As tres danzas do anano:

-Co vento na primavera

-O baile en sandalias azuis sobre o millo

-O baile en vestido vermello en outono

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Michał Ryczel
Ildikó Oltai
Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Irina Gruia
Helena Sengelow

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **

Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Ailsa Lewin
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo ***
Marta Prado (R)
Isabel Diego (R)
Marta Figueiredo (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO

Simona Kantcheva (R)

BALDUR BRÖNNIMANN

Director

Posúe unha enorme flexibilidade tanto no eido sinfónico como no operístico, amosando unha gran facilidade ante as partituras contemporáneas máis esixentes. Desde xaneiro de 2015 é o Director Titular da Orquestra Sinfónica do Porto - Casa da Música e desde setembro de 2016 é ademais Director Titular da Sinfonietta de Basilea.

Mantén durante anos un intenso traballo xunto a compositores contemporáneos como John Adams, Saariaho, Harrison Birtwistle, Chin, Lindberg; e con orquestras como a Filharmónica de Oslo, Real Filharmónica de Estocolmo, Britten Sinfonia, Philharmonia Orchestra, Sinfónica da BBC, Filharmónicas de Copenhague, Seúl, Helsinki, Bruxelas, Bergen, Estrasburgo...

Na temporada 2017/18 destaca o seu debut no Lincoln Center de Nova York dirixindo *The Dark Mirror*, a reconstrución de Zender de *Viaxe de inverno* de Schubert xunto a Ian Bostridge no Mostly Mozart Festival e a Orquestra Sinfónica de Oregón. En Europa debutou xunto á Sinfónica da Radio de Frankfurt, Sinfónica da WDR de Colonia, Sinfónica Nacional de Estonia e Orquestra Nacional de Lyon, entre outras.

En anteriores temporadas dirixiu a Filharmónica de Oslo, Real Orquestra Filharmónica de Estocolmo, Philharmonia Orchestra, Sinfónica da BBC e Filharmónicas de Seúl, Estrasburgo e Bergen. Tamén dirixiu a Sinfónica da Radio de Viena, Sinfónica Nacional de Dinamarca e orquestras de cámara de Múnic e Aurora.

Na súa carreira operística destaca o seu recente regreso ao Teatro Colón de Buenos Aires para dirixir *Os soldados* de Zimmermann, e o seu debut na Ópera de Noruega dirixindo a estrea mundial de *Elysium* de Rolf Wallin. Anteriormente tamén participou na produción con La Fura dels Baus de *O gran macabro* de Ligeti na Ópera Nacional Inglesa en Londres e no Teatro Colón de Arxentina, *A morte de Klinghoffer* de John Adams en ENO, *O amor de lonxe* de Saariaho na Ópera de Noruega e no Festival Internacional de Bergen, e no Teatro de Viena con *An index of metals* de Romitelli con Barbara Hannigan. E no Teatro Colón tamén dirixiu *A espera* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *A pequena vendedora de fósforos* de Lachenmann.

Como Director Principal da Orquestra Sinfónica do Porto - Casa da Música, ten planificadas xiras e proxectos combinando música contemporánea xunto ao repertorio convencional. A finais de 2015 concluíu o seu traballo como Director Artístico do BIT20 de Noruega, dirixindo a estrea mundial da ópera *UR* de Anna Thorvaldsdottir en Alemaña e realizando a gravación da Obra Completa de Ligeti para BIS. Baldur Brönnimann foi Director Musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia entre 2008 e 2012.

Nacido en Suíza, formouse na Academia de Música de Basilea e no Royal Northern College de Manchester, pasando posteriormente a ser Profesor Invitado nesta institución.

Marcos Fernández-Barrero (1984)

Licenciado en Piano na ESMUC e en Composición no Royal Conservatoire de Escocia, cursou un mestrado de composición no Royal College of Music de Londres e gañou numerosos premios internacionais. Influído polo folclore celta, a súa música mestura técnicas e estéticas inspiradas nas tendencias modernas, no jazz, no flamenco, na New Age, no pop ou na música cinematográfica. Escribe música orquestral, de cámara, piano, ópera (*Noctum* como residente no Cre.Art Ensemble en Nova York ou *Miracle!* encargo do Consello das Artes de Inglaterra) e bandas sonoras de filmes como *Tuck me In*. Foi programado no Reino Unido, España, Italia, Bélxica, Malta, Bulgaria, Australia, Taiwán e EUA pola Orquestra Nacional de Malta, The Britten Sinfonia, The Sydney Contemporary Orchestra, Cre.Art Ensemble e as Sinfónicas de Asturias, Madrid e Barcelona. Imparte clases de composición na Trinity Music Academy e de piano en The Haberdashers' Aske's College e é profesor visitante no Centro Universitario TAI (Madrid) ademais de fundador do sello Piano Underscore.

Nocturno Sinfónico é a obra gañadora da IX edición do Premio de Composición AEOS-Fundación BBVA. Escrita para piano, corda, frauta, óboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta e timbais o propio compositor explica “É unha obra que fun madurando durante anos e está inspirada nos máxicos e misteriosos estados psicolóxicos que se dan con frecuencia no descanso nocturno. Interésame o que sucede na mente cando non estamos pensando nin decidindo, o que hai no subconsciente”. Desde o punto de vista musical, con *Nocturno sinfónico* buscou “un certo punto de innovación musical en relación coas texturas, para explorar o que se pode facer cunha orquestra, nun camiño de indagación idiomática que á vez respecta o que é executable por unha sinfónica”. O compositor e produtor Antoni Parera como presidente do xurado que premiou a peza di “A súa obra é un gran nocturno para

orquestra que evoca a beleza e os misterios da noite ... é unha obra escrita seguindo as tendencias musicais actuais cun gran sentido da cor e do fraseo. [...] Está sabiamente ben escrita, con gran coñecemento da orquestra e será un pracer tocala".

Franz Joseph Haydn (1732 - 1809)

Entre 1785 e 1786, o mecenas parisino Claude Francois Marie Rigoley, Conde de Ogny, encargou a Haydn unha serie de sinfonías para o seu prestixioso ciclo de concertos, Le Concert de la Loge Olympique, que se celebraban en La Salle des Gardes das Tullerías. Haydn escribiu con avidez as sinfonías coñecidas como *Parisinás*, numeradas do 82 ao 87. De entre elas, unha das máis interpretada é a *núm. 85 en Si bemol maior* que, composta en 1785, parece que foi especialmente valorada pola raíña Maria Antonieta. Por iso, probablemente apareceu na edición parisina de Imbault (1786) co título *A Raíña de Francia*. É posible que Haydn non buscara o favor da realenza nestas sinfonías, pero asegurouse de que esta obra en particular contivera certos elementos facilmente identificables como franceses como a breve introdución lenta, cuxos ritmos lembran a solemnidade das antigas aberturas "á francesa" do estilo barroco. O primeiro movemento é notable incluso entre as obras desa época do propio compositor pola súa nitidez e elegancia e o *Vivace* que inclúe estala con enerxía e contén unha cita do comezo da *Sinfonía dos Adeuses*. A forma organizada en tema e variacións adquire protagonismo na *Romanza- Allegretto* e baséase na canción popular francesa *La gentille et jeune Lisette*. O habitual *Menuetto- Allegretto*, que se distingue pola súa vivacidade e enxeño, conta cun magnífico trío, unha sección que empeza cun só de fagot e no que segundo H. C. Robbins Landon "o tempo parece deterse de modo máxico". Tras el, a sinfonía remata co exuberante *Presto* no que Haydn reuniu a delicadeza do seu estilo compositivo coa frescura dos aires de natureza

popular, un dos exemplos máis elegantes e influíntes ata ese momento da forma rondo-sonata que o compositor desenvolveu e perfeccionou.

Maurice Ravel (1875-1937)

No século XIX, a música española supuxo, sobre todo nos ámbitos francés e ruso, un lugar de inspiración para a creación musical pois aportaba un punto exótico a través de novas sonoridades, ritmos e combinacións orquestrais e así podemos citar autores como Chabrier, Lalo, Bizet e incluso a Rimski-Korsakov. Seguindo esta tendencia, Ravel -de nai española e nacido no país vasco francés- escribiu *Habanera para dous pianos* evocando a súa relación con España, pero en *Pavana para unha infanta defunta* non aparecen referencias festivas nin extrovertidas ao español senón que amosa a cara máis solemne da danza e a música cortesanas españolas. Como estudante, Ravel frecuentaba veladas nas casas dos mecenas musicais parisiños onde se interpretaban informalmente as novas composicións. Nunha desas sesións, a princesa Edmond de Polignac -afamada e controvertida mecenas de obras como *El retablo de Maese Pedro* de Manuel de Falla- encargoulle a *Pavana para unha infanta defunta*. Ravel compuxo esta partitura como unha peza de salón para piano en 1899 e, dado o éxito que obtivo -inxusto segundo o propio autor-, el mesmo a orquestrou dez anos despois. Dentro do seu estilo impresionista, destaca o seu señorial melodismo, ademais do seu carácter melancólico. Ravel achégase aos misterios do descoñecido por medios simples e belos. A simplicidade e o encanto exprésanse na partitura por medio do uso da *pavana*, unha danza procesional lenta que utiliza unha repetición continua de esquemas básicos de pasos: dous sinxelos e un dobre cara adiante seguidos de dous sinxelos e un dobre cara atrás. Mais tamén expresa as súas características a través dunha melodía modal repetida varias veces en diferentes timbres instrumentais. Como as pавanas

renacentistas se tocaban a miúdo co laúde, vén lembrado por un *stacatto* na partitura orixinal de piano que foi trasladado ás cordas como *pizzicato*.

Franz Schreker (1878-1934)

As críticas xornalísticas da época describían ao compositor austríaco de tan diferentes modos que el mesmo, con certo sarcasmo, se definía “impresionista, expresionista, internacionalista, futurista, verista musical [...] Eu son un artista sonoro, visionario, mago e esteta do son”. A pesar desta lista de cualificativos, o compositor acadou grande éxito dentro do mundo xermano-falante a comezos do século XX, especialmente co repertorio operístico, con títulos representados con frecuencia como *O cazador de tesouros*, *Os estigmatizados*, *O son afastado* e *Irrelohe*. Como se desprende da súa autodefinición, Schreker era un autor ecléctico, que integra a linguaxe post-romántica da tradición alemá (Mahler, Strauss e as primeiras obras de Schönberg) e a impresionista, como a modalidade, as progresións non funcionais ou a exploración de novas sonoridades como elementos compositivos en si mesmos, dando lugar a un estilo rico e moi persoal. A partitura do ballet *O aniversario da Infanta* data de 1908 (revisada para orquestra en 1923) e está escrita para unha pantomima baseada no conto homónimo de Oscar Wilde -que contextualiza no famoso cadro As Meninas de Velázquez- no que conta a historia dun dos bufóns ananos da corte española que namora dunha infanta de España no seu duodécimo aniversario. A suite ilustra os principais puntos do texto a través das cordas, harpa, percusión e conxuntos orquestrais nas danzas, as fanfarrias de trompetas, na corrida de touros ou melodías de instrumentos sós como o do violoncello que remata a obra a xeito de eco de todo o sucedido. Todo baixo o manto de enxeñosas harmonías cunha narrativa musical excelente, ambientada con brillante orquestración.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 21 de marzo

20,30 h

Ventos do Leste

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Antoni Wit, director

S. Moniuszko, *Abertura Paria*

F. Schubert, *Sinfonía núm. 3 en Re maior*
D200

M. Karłowicz, *Sinfonía en mi "Renacemento"*
op. 7

Venres 29 de marzo

20,30 h

Evocación

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

Javier Perianes, piano

F. Chopin, *Nocturnos op. 48*

F. Chopin, *Sonata núm. 3 en Si menor op. 58*

I. Albéniz, *Iberia (Selección)*

M. de Falla, *Cuatro piezas españolas*

M. de Falla, *El Sombrero de Tres Picos*
(Selección)

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA